



**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA
ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)
CELEBRADA O 22 DE MARZO DE 2018**

Previa convocatoria, acordada o 22 de febreiro 2018 pola Xunta Directiva, celebrouse Asemblea Xeral da AGACAM o xoves 22 de marzo de 2018 na sala de reunións do antigo Colexio Curros Enríquez, na parroquia de Maniños en Fene (A Coruña).

Iniciada a xuntanza as 18:00 horas, procédese á exposición debate e acordo dos seguintes puntos previstos na orde do día:

1.- Informe e ratificación da memoria de actividades desenvoltas no ano 2017.

A presidenta informa da realización das seguintes actividades:

- Celebráronse reunións mensuais da xunta directiva agás os meses de xulio e agosto.
- Atendéronse a todas as persoas que demandaron a atención da asociación dende Galicia e o exterior, coas limitacións funcionais do espazo cedido polo Concello de Santiago (horarios de atención e condicións de privacidade) que o fan inadecuado para o desenvolvemento da actividade. Razón pola que non se renovou a solicitude de uso do local.
- Xuntanza semanal de encontro e apoio a persoas afectadas, desenvoltas polo grupo de Ferrol en Narón.
- Asistencia a entrevistas realizadas polo Comité de intervención constituído o abeiro do Protocolo contra o acoso laboral na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para o acompañamento e asesoramento previsto no apartado 9 b) de dito Protocolo.
- Organizouse o Curso de prevención e intervención ante o acoso e ciberacoso escolar en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) desenvolto do 16 de outubro ao 9 de novembro.
- Organizouse a Xornada sobre acoso escolar en colaboración co COTSG e a USC, celebrada o 10 de novembro.
- Presentación da AGACAM a Escola de práctica xurídica e valorar posibles canles de colaboración.



- Toma de contacto e análise de posibilidades de colaboración coas ANPAS galegas na celebración da I Xornada Galega contra o acoso escolar.
- Contactos cos representantes dos partidos políticos galegos para facerlles chegar as demandas das persoas socias de AGACAM para a súa consideración normativa.
- Programación dunha Xornada Galega sobre acoso no traballo.
- Xestións para a cancelación das contas bancarias número 2080 5462 3430 4011 5280 e 2080 5526 6630 4000 0326 de titularidade da AGACAM abertas na ABANCA.
- Contacto coa Unidade de Psicoloxía Forense da USC para o desenvolvemento dun estudo para a avaliación das repercusións familiares e sociais das persoas afectadas por acoso moral.
- Contacto co Bufete de Avogados Eugenio Moure para un posible Convenio de prestacións de servizos.
- Contacto coa Asociación Amaya de Cataluña para un posible acordo de colaboración.
- Elaborouse un borrador do Plan Integral Contra o Acoso Moral de Galicia (PICAS-G).

Apróbase o informe por unanimidade das persoas socias presentes

2.- Informe da tesourería e aprobación do balance de ingresos e gastos correspondentes ao ano 2017

O tesoureiro presenta o balance de ingresos e gastos correspondente ao ano 2017 que se aproba segundo se recolle en documento anexo á presente acta.

3.- Presentación e aprobación do plan de actividades a desenvolver no ano 2018.

A presidenta propón desenvolver ao longo do ano 2018 o seguinte plan de actividades:

- Apertura dun despacho para o acollemento e información as vítimas de acoso moral que se acheguen a AGACAM na procura de apoio e axuda e busca dun local axeitado para o desenvolvemento de actividades de axuda aos afectados.
- Dinamización da actividade de AGACAM nas cidades de A Coruña e Vigo así coma noutros lugares que sexa posible.



Asociación Gallega

Contra el Acoso

Moral en el

- Desenvolvemento dun estudo para a avaliación das repercusións familiares e sociais das persoas afectadas por acoso moral en colaboración coa Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Organización dun curso sobre “Intervención no acoso escolar” en colaboración coa USC e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG).
- Organización dun “Encuentro sobre Acoso Laboral” a celebrar en Santiago de Compostela.
- Establecer convenios de colaboración con bufetes de avogados para a defensa de vítimas de acoso moral (Eugenio Moure e outros).
- Elaboración dun protocolo para a intermediación entre as persoas afectadas e os centros onde se produce a situación de acoso moral.
- Mantemento da web da AGACAM pola directiva da asociación.
- Escrito aos representantes dos partidos políticos no Parlamento de Galicia para solicitarlles entrevistas coa finalidade de amosarlle a actividade de AGACAM e procurar a súa colaboración.
- Tódalas que sexan necesarias para o bo funcionamento da AGACAM e o cumprimento dos seus fins.

Previo debate polos asistentes apróbase por unanimidade o plan de actividades previsto

4.- Rogos e preguntas. Non se presentan

Logo de agradecer a asistencia aos presentes a presidenta da por rematada a Asemblea xeral ordinaria ás 20:30 horas.